

PRESENTACIÓN

Algo máis da metade do lixo que xeramos é materia orgánica fermentábel, residuos procedentes da limpeza de hortalizas e outros alimentos da cociña, restos de comidas, papel alimentario de envolver, e restos de plantas da casa ou do xardín. Trátase da fracción húmida do lixo, medio millón de toneladas anuais en Galicia, a razón de medio quilo por persoa e día. Trátase tamén da fracción do lixo máis limpa, libre en orixe de substancias químicas tóxicas, e que pode ser reciclada enteiramente mediante procesos naturais.

Ata ben recentemente, estes residuos orgánicos recollíanse conxuntamente cos restantes compoñentes do lixo, e todo xunto acababa nos vertedoiros das vilas e cidades, ou na incineración, causando un forte impacto ambiental. Hai tempo, sen embargo, que sabemos que o vidro, o papel ou a chatarra se poden reciclar, e que para iso é necesaria a recollida selectiva, depositando por separado cada tipo de material. No caso da materia orgánica non foi así; pretendíase facer compost co lixo sen separar, e o resultado era un compost contaminado con anacos de vidro e plástico, ou con metais pesados. Por esta razón pechou mais dunha planta de compostaxe, dando pé ademais aos detractores da compostaxe a criticar esta alternativa na súa globalidade.

Levou tempo convencer a empresas e administracións da necesidade da recollida selectiva da materia orgánica para a súa reciclaxe na forma de compost. Pero hoxe isto xa non se discute. As experiencias de Estella (Navarra) e de Córdoba son ben coñecidas e demostran os resultados que se poden acadar. En Cataluña e Valencia abandonaron nos últimos anos a idea de construír novas incineradoras e optaron pola compostaxe, con ou sen recuperación de biogás. Mesmo Pamplona, cidade coñecida polos seu éxito na recollida selectiva e reciclaxe de fraccións inertes, propúxose incrementar a taxa de reciclaxe a través da recollida selectiva da materia orgánica e da súa compostaxe, única forma de pasar dunha baixa taxa de reciclaxe, inferior ao 15%, a outra que supere o 60%. Tamén Galicia conta con varios plans comarcais de recollida selectiva, reciclaxe e compostaxe. Só SOGAMA e a Xunta seguen empeñadas en non separar a materia orgánica, xa que o destino que prevén para a mesma é a incineración.

A nivel europeo temos unha directiva que obriga á recollida separada e á reciclaxe dos materiais de envase e embalaxe. Tamén está a punto de aprobarse outra directiva que limitará o vertido de materia orgánica sen tratar, aínda que non se sabe, hoxe por hoxe, se beneficiará á compostaxe ou á incineración. Quizá non tarde en elaborarse unha terceira directiva que obrigue a recollida selectiva da materia orgánica e á súa reciclaxe, que non pode ser outra cousa que a súa utilización para os solos agrícolas, tras un proceso de estabilización ou compostaxe.

E isto non só pola presión social existente a favor de prácticas máis ecolóxicas na xestión do lixo ou polo rexeitamento á incineración e ao vertido, senón sobre todo porque a materia orgánica representa algo moi valioso para os nosos solos agrícolas; sen esta, a deterioración dos solos é progresiva e imparábel. Abondaría con citar os graves problemas de desertización que se sofren en toda a Europa medite-



rránea, proceso que comeza co empobrecemento do solo en materia orgánica. En Galicia, a cabalo entre a Europa atlántica e a mediterránea, temos elevadas porcentaxes das nosas terras con déficit de materia orgánica, tal como se pon de manifesto no artigo do profesor Díaz-Fierros neste caderno. Existen ademais estudos que demostran os beneficios do emprego do compost na fertilización dos nosos cultivos agrícolas, realizados ao longo dos dous últimos anos pola Mancomunidad de Concellos do Morrazo, que veñen a confirmar as previsións feitas a partir de múltiples estudos de fora de Galicia.

En definitiva, danse todas as condicións necesarias para que a totalidade da materia orgánica do lixo, debidamente separada nos fogares, se destine a fabricación de compost. Existe unha clara necesidade do mesmo pois, toda a produción posíbel a partir do lixo, non alcanzaría máis que a unha pequena porcentaxe das necesidades actuais e a longo prazo de compost. Existe unha opinión pública, especialmente a dos sectores máis informados, a favor da reciclaxe da materia orgánica. Existe unha lexislación europea favorábel, e mesmo o Ministerio de Medio Ambiente (outra cousa é a nosa Consellería!) ten entre os seus obxectivos promover a compostaxe. Existen varios plans comarcais no noso país que xa están construíndo plantas de compostaxe e xa comezaron a realización de estudos de comercialización e divulgación. E hoxe, cinco da sete cidades, ademais de A Coruña, manteñen un posicionamento a favor da compostaxe que as pode levar a saír de SOGAMA e elaborar plans alternativos.

Nesta situación ten grande interese poder afondar en moitos dos aspectos relacionados coa xestión do lixo, a recollida selectiva para o aproveitamento da materia orgánica, as diferentes tecnoloxías de compostaxe ou de obtención de biogás e compost, os resultados das experiencias máis avanzadas, sexa a autocompostaxe na Illa de Arousa ou a aplicación de compost nas terras no Morrazo, ou a realidade da materia orgánica nos nosos solos.

É preciso por de manifesto non só a necesidade ambiental da compostaxe e reciclaxe da materia orgánica, senón tamén que esta opción é perfectamente viábel desde o punto de vista económico e social. Ao tempo, pomos en evidencia a falta de seriedade e base científica da tese sostida reiteradamente pola Conselleira de M.A. sobre a non carencia de materia orgánica nos solos galegos e a falta de interese da aplicación do compost nos mesmos. Publicamos, precisamente, algunhas das poucas investigacións que en Galicia intentaron achegarse de forma independente, imparcial e científica a este particular, con resultados tan claros como contrarios a tese da Consellería. Todos estes temas son abordados neste caderno por persoas de diferentes procedencias e profesións, pero profundamente coñecedores dos mesmos.

ADEGA ven realizando desde hai anos unha intensa labor de información, formación e concienciación sobre a problemática do lixo e as solucións viábeis e sustentabeis. Cabe salientar os obradoiros de reciclaxe, consumo, redución, e compostaxe (a compostaxe na casa e na escola). Descríbense tamén estas experiencias e preséntase outro material de educación ambiental sobre a compostaxe. O conxunto do caderno constitúe unha base sólida para continuar este traballo.

